



Indica cal destas afirmacións sobre os adverbios é verdadeira.

- A Os adverbios son as palabras que acompañan o substantivo.
- B Os adverbios expresan circunstancias de tempo, de lugar, de modo ou de cantidade.
- C Os adverbios varían en xénero, número e persoa, segundo a palabra que acompañan.

**Os adverbios. Tipos**

Hai palabras que achegan información sobre as circunstancias de lugar (*Eu vivo aquí*), de tempo (*Virás hoxe?*), de cantidade (*Gústame moito*) ou de modo (*Pinta ben*) que rodean a acción do verbo. Hai outras que expresan afirmación (*Si que o sabe*), negación (*Non o coñezo*) ou dúbida (*Quizais lle guste*). Todas estas palabras son **adverbios**.

Os adverbios son palabras invariables, é dicir, non teñen xénero, número nin persoa.

Segundo a circunstancia que expresan, os adverbios poden ser:

DE LUGAR	<i>aquí, alí, diante, detrás, dentro, fóra, lonxe, preto...</i>
DE TEMPO	<i>antes, agora, onte, mañá, axiña, tarde, daquela...</i>
DE CANTIDADE	<i>pouco, bastante, moito, abondo, nada, menos, máis...</i>
DE MODO	<i>ben, mal, así, adrede, paseniño, amodo, mellor, peor...</i>
DE AFIRMACIÓN	<i>si, tamén, abofé...</i>
DE NEGACIÓN	<i>non, tampouco...</i>
DE DÚBIDA	<i>quizais, posiblemente, probablemente...</i>

**Función dos adverbios**

Os adverbios funcionan sempre como **complemento**. Poden ser complemento dun verbo (*Camíña lentamente*), dun adxectivo (*É moi simpático*) ou doutro adverbio (*Vive bastante lonxe*).

**1 Responde.**

- Que son os adverbios? E as locucións adverbiais?
- A que palabras poden acompañar?
- Que función realizan en todos os casos?

**SABER MÁIS**

Ás veces, hai grupos de palabras que realizan a mesma función ca o adverbio e que, en conxunto, teñen un significado equivalente (*Vou indo pouco e pouco*. → *Vou indo devagar*). Estes grupos de palabras son as **locucións adverbiais**.

**2 Localiza dous adverbios en cada oración e di de que tipo son.**

- Quizais non lle apeteza pasear agora.
- Mirei fóra e Martiño non está aí.
- Hoxe choveu intensamente.
- Se dormes demasiado, ergueraste peor.
- A Cibrán si que lle gusta moito o caldo.
- O tío de Iria tamén vive lonxe.

**3 PARA PENSAR. Elixe e explica. En que oración a palabra destacada é un adverbio? Como o sabes?**

- A Os bebés toman **moito** leite.
- B Os bebés dormen **moito**.

**4 Indica a que palabra complementa cada adverbio e di de que clase é.**

- Quedamos con el **máis** tarde.
- Falamos **agora**?
- Estaba **bastante** nerviosa.
- O exercicio parece **moi** interesante.
- Este exame non foi **nada** fácil.
- Chegará á casa **axiña**.

**5 Forma adverbios acabados en -mente. Fixate na acentuación.**

- antigo ▶
- fácil ▶
- verdadeiro ▶
- cómodo ▶

**6 Completa o texto coas locucións adverbiais no lugar que lles acaia.**

**Novidade no barrio**

Ao saír da casa,  decateime dunha novidade: un colector para o vidro! Onte non estaba;  puxérono pola noite. Boa falta facía, pois o colector máis próximo quedábanos ; unhas catro rúas máis alá.  o que facíamos era xuntar o vidro na casa en caixas e  transportalo no coche.  era un encordio.

- a contramán
- se cadra
- de súpeto
- de certo
- por veces
- de cando en vez



**ELABORA O TEU RESUMO**

- Que é un adverbio? — Os adverbios son palabras  que achegan información sobre  ou expresan .
- Que tipos de adverbios hai? — Segundo a circunstancia que expresen, os adverbios poden ser de lugar, de , de modo, de , de afirmación, de  ou de dúbida.
- Que función realizan os adverbios? — Un adverbio pode funcionar como  dun verbo, dun  ou doutro .



**Grea de gatos**

Un gato saxofonista  
púxose a bater o cobre.  
Encheuse de xente a pista  
por bailar o pasodobre.

Que gatiño intelixente!  
Bebe copiñas de anís,  
xoga comigo ao parchís,  
sempre ten versos na mente.

Áxil gato siamés  
que apagas na noite estrelas  
sen ter que mover os pés,  
para despois acendelas.

Esperádeme un anaco  
que hai que botarlle unha man:  
vai un gatiño nun saco  
a lombos dun pillabán.

RAMIRO FONTE  
(fragmento adaptado)

Os versos dun poema poden aparecer todos seguidos ou distribuídos en grupos que presentan unha estrutura determinada. Cada un destes conxuntos de versos en que pode aparecer dividido un poema é unha **estrofa**. As estrofas son dunha clase ou doutra dependendo do número de versos que as forman, da medida destes e da rima.

As estrofas tamén permiten clasificar os poemas en dous grupos: **poemas estróficos**, se teñen os versos agrupados en series ou estrofas, e **poemas non estróficos**, se os versos van seguidos.

- 1 Le o poema *Grea de gatos*, analízao e responde.
  - De cantos versos consta este fragmento?
  - Teñen todos os versos a mesma medida? De cantas sílabas son?
  - Que versos riman entre si? Que tipo de rima presentan?
  - Trátase dun poema estrófico ou non estrófico?
- 2 Localiza neste mesmo libro outro poema estrófico e sinala cantas estrofas o forman.

- 3 Fai unha ficha para cada unha das estrofas que figuran no cadro. As fichas deben conter:
  - ✓ Nome da estrofa.
  - ✓ Número de versos e tipo. (arte maior ou menor)
  - ✓ Rima. (entre que versos se dá)

<p><b>PAREADO</b></p> <p>Ai, o mar, cabaleiro azulado, nos castelos de escuma gardado!</p> <p>ANA M.<sup>a</sup> FERNÁNDEZ</p>	<p><b>TERCETO</b></p> <p>O vento é bo tecelán que, cos nobelos das nubes, fai unha saba ao mar.</p> <p>LUÍS AMADO CARBALLO</p>
<p><b>CUARTETO</b></p> <p>Señora, se me deses neste día a escoller entre as flores do xardín, non fora compromiso para min: a mimosa, entre todas, tomaría.</p> <p>XOSÉ M.<sup>a</sup> ÁLVAREZ BLÁZQUEZ</p>	<p><b>CUARTETA</b></p> <p>Aquel orfo piñeirño que move decote as velas dirixe por bo camiño o tráfico das estrelas.</p> <p>EDUARDO BLANCO AMOR</p>

- 4 Indica de que tipo son as estrofas que forman o poema *Grea de gatos*.
- 5 AGORA EXPLORA TI. Le a información e despois realiza a actividade proposta.

A miúdo, os poetas experimentan con estrofas e composicións procedentes doutras tradicións literarias. Vexamos dous casos!

Busca información sobre os dous tipos de composición do cadro e di con cal se corresponde cada poema.

haiku      limerick

Pasou a chuvia  
e pousou as estrelas  
enriba do chan.

HELENA VILLAR JANEIRO

Catro feros corvos da terra de Xallas  
grallaban nas pólas de catro carballas.  
Un tivo unha idea e dixo: croc, croc,  
por que non facemos un grupo de rock?  
E os outros tres corvos grallaron a esgalla.

ANTÓN CORTIZAS

**Demostra o teu talento**

- 6 Combina estes versos para formar os tres tipos de estrofa indicados. Non esquezas poñer os signos de puntuación e as máiusculas que cumpran.
  - PAREADO
  - TERCETO
  - CUARTETA

a chegada dun novo día      con voz clara e potente

cada mañá puntualmente      o canto do galo comunica

